

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 27 de outubro de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se anuncia a exposición das listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas dos criterios de repartición do Fondo de Acción Social do exercicio económico 2019, relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.*

De conformidade co establecido no artigo 10.2 dos criterios de repartición do Fondo de Acción Social para o exercicio económico do ano 2019, relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia do 9 de xullo de 2020 e publicados por Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 10 de xullo de 2020 (DOG número 144, do 20 de xullo), o anuncio de exposición das listaxes definitivas de admitidos e excluídos publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Tendo en conta que as mencionadas listaxes conteñen datos sobre a identidade, características persoais, económicas ou de saúde, todos eles protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a súa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade das persoas solicitantes e tamén das persoas que dan dereito á percepción das axudas, polo que cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Dando cumprimento ao prescrito, esta dirección xeral, transcorrido o prazo de alegacións previsto no artigo 10.1 da Resolución do 10 de xullo de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 20 de xullo) e unha vez concluídos os traballos de revisión das reclamacións presentadas,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar no *Diario Oficial de Galicia*, como anexo a esta resolución, a distribución final da concesión das axudas do Fondo de Acción Social do exercicio económico do ano 2019.

Segundo. Facer públicas as listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas dos criterios de repartición do Fondo de Acción Social do exercicio económico 2019, rela-



tivos á axuda para a atención de persoas con discapacidade na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública <http://funcionpublica.xunta.es/?q=FAS>

Para o coñecemento íntegro do acto, as persoas solicitantes deberán introducir nos espazos habilitados para o efecto o NIF e mais o código de impresión da súa solicitude.

Terceiro. As persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada contra a resolución ante o conselleiro de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

#### ANEXO

Tipo de axuda	Entradas	Aprobadas	Denegadas	Importe euros
Atención de persoas con discapacidade	770	720	50	1.501.591,67

